

UGT CELEBRA NAS SÚAS COMARCAS EN GALICIA O #8M CON DIVERSOS ACTOS E HOMENAXES A MULLERES TRABALLADORAS DISTINGUIDAS POLAS SÚAS TRAXECTORIAS



Acto de UGT Coruña na Praza das Cigarreiras



Pilar Souto, homenaxeada en UGT Coruña



Marian Rodríguez foi homenaxeada por UGT Ferrol



UGT Compostela Barbanza celebra o #8M



UGT Lugo presenta "Na brecha do sexo. Por un traballo de igual valor"



Manuela Cerredelo recibiu a homenaxe de UGT Ourense



UGT Pontevedra homenaxe a Elvira Fontán



Acto de UGT Vigo ás portas da sede



UGT Vigo homenaxe a Angeles García

A SECCIÓN SINCIAL ESTATAL DE SECURITAS CELEBRA O SEU VII CONGRESO EN VIGO E ELIXE A SANTOS SÁNCHEZ COMO SECRETARIO XERAL

Redacción. - A sección sindical estatal de Securitas celebrou en Vigo o seu VII Congreso e elixiu unha nova Comisión Executiva ao fronte da cal estará Santos Sánchez como secretario xeral.

O resto da Executiva, que tivo un respaldo do 100%, está composta por Enrique Errasti, como secretario de Organización; Luís Segoviano, secretario de Administración; Fátima Carrera, secretaria de Igualdade; Antonio López, secretario de Formación; Rocío Palomino, secretaria executiva; e Pablo Estrada, secretario executivo.

Este foi o Congreso de despedida de Antonio Expósito, que estivo ao fronte da Secretaría xeral da sección sindical estatal dende o ano 1996, conseguindo que UGT fose sempre o sindicato maioritario, o que evidencia o importante e arduo traballo que fixo ao fronte da sección sindical estatal de Securitas.

Ademais dos traballos internos, o Congreso contou coas intervencións de Diego Giráldez, responsable estatal de Seguridade Privada en FeSMC; Eladio Romero, secretario xeral de FeSMC UGT Galicia; Santos Sánchez; e Cristóbal Medeiros, secretario xeral de UGT-Galicia.

Precisamente, este último na súa intervención denunciou os ruídos interesados que sofre o sector por parte de sindicatos amarelos e corporativos que nada achegan ao colectivo.

Apostou por seguir traballando no eido

da negociación colectiva, por un cambio de modelo en materia de subcontratación, para mellorar a igualdade real e efectiva no sector, que os cambios do sector se fagan de xeito ordeado ante realidades como a transformación dixital, incidir nunha formación profesional de futuro como vía para a mellora do sector, seguir traballando para garantir a xubilación anticipada e insistir en poñer enriba da mesa as medidas necesarias para acabar coas agresións constantes que sofren os traballadores e traballadoras do sector. En definitiva, urxe traballar por un modelo de seguridade privada que garanta unhas condicións laborais dignas e servizos de calidade.

Pola súa banda, Eladio Romero, ademais de saudar que este Congreso se teña celebrado en Galicia, destacou o importante traballo que fai o sector da seguridade dentro de FeSMC, así como a importancia que teñen as seccións sindicais no conxunto do Sindicato.

Giráldez puxo tarefas de cara aos tempos que se avestiñan, garantir a empregabilidade ante os novos retos tecnolóxicos, unha formación profesional forte que de acceso a novos perfís profesionais, resolver a tarefa pendente da xubilación anticipada no sector, seguir traballando a prol da igualdade e abor-



Antonio Expósito

dar o cambio de modelo que o sector necesita, para avanzar na calidade dos servizos e na mellora das condicións laborais.

Finalmente, Santos Sánchez agradeceu a confianza depositada polos delegados e delegadas e comprometeuse a seguir traballando para manter a UGT en Securitas como primeira forza sindical.

XORNADA DE FOLGA E MOBILIZACIÓN NA CRTVG COINCIDINDO COA APROBACIÓN DA NOVA LEI DESTE ENTE SÓ COS VOTOS DO PP

Redacción. - Este martes os traballadores e traballadoras da CRTVG volveron a protagonizar unha xornada de folga, cun seguimento masivo, coincidindo coa aprobación no Parlamento galego, só cos votos do PP, da nova Lei deste ente. Ademais, os traballadores e traballadoras concentráronse ás portas do Parlamento para amosar o seu rexeitamento a esta nova Lei.

Unha Lei que vai contra a propia esencia dos medios públicos en Galicia e que vai supoñer darlle o control absoluto da CRTVG ao Goberno da Xunta.

O director poderá ser elixido sen maioría cualificada, elimínase a fiscalización de contidos e tamén se abre a porta á introdución do castelán na programación dos medios públi-



cos, entre outras medidas.

Lembrar que os traballadores e traballadoras da CRTVG xa iniciaron as mobiliza-

cións o pasado mes de setembro para denunciar a externalización do programa "A Revista", que pasou a dúas produtoras externas, chamándose "O Termómetro".

MOBILIZACIÓNS DIANTE DAS FACULTADES DE EDUCACIÓN DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E SANTIAGO COMO SINAL DE REPULSA POLO ASASINATO DO DOMINGO EN BADAXOZ, EN DEMANDA DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN E PARA DENUNCIAR A PRECARIIDADE DO SECTOR

Urxe unha Lei Básica Estatal

Redacción.- Este xoves as Facultades de Educación dos campus universitarios da Coruña, Lugo, Ourense e Santiago acolleron concentracións como símbolo de repulsa polo asasinato dunha educadora nunha vivenda tutelada en Badaxoz a pasada fin de semana e en demanda de máis financiamento público que garanta medidas de protección e remate coa precariedade do sector. As concentracións foron convocadas por UGT, xunto con outros sindicatos e o Colexio de educadores e educadoras sociais de Galicia.

Dende UGT Servizos Públicos insítese en denunciar a precariedade laboral sistemática que sofren as persoas profesionais dos servizos sociais, polo que urxe unha Lei Básica Estatal que acabe con este problema.

O acontecido a pasada fin de semana en Badaxoz evidencia, tal e como ven denunciando UGT Servizos Públicos, que son as persoas traballadoras dos servizos sociais quenes sosteñen coa súa vocación e a costa dos seus dereitos laborais un sistema moi precarizado.

Un sistema no cal a sobrecarga de traballo é habitual, así como os baixos salarios e a desprotección ante situacións que a diario poñen en risco a saúde psicolóxica e física das persoas traballado-



ras. Detrás disto está, en primeiro lugar, un sistema desigual de financiamento por parte das distintas administracións, e, en segundo lugar, a ausencia dunha norma estatal que regule un marco común para as actuacións dos servizos sociais, garantindo uns estándares mínimos de profesionalización, rateos e condicións laborais.

UGT lembra que os servizos sociais son un dereito subxectivo da cidadanía e, polo tanto, un servizo público esencial, como o poden ser a educación ou a sanidade, pero a día de hoxe sen o financiamento e os medios que precisan.

Ante esta situación, UGT Servizos Públicos fai un chamamento urxente á clase política española a que dunha vez por to-

das materialice unha norma estatal básica que faga posible que se adopten criterios comúns de calidade en toda a rede integrada de sistemas públicos de servizos sociais, relativos aos recursos materiais, a calidade no emprego e a dignidade no trato, entre outros, en aras de asegurar a accesibilidade universal da cidadanía aos mesmos e, en consecuencia, a igualdade e cohesión social en todo o territorio.

O sindicato esixe a todos os niveis da administración pública con competencias en servizos sociais que se garanta de maneira estable o financiamento do sistema e dunhas condicións laborais dignas para os seus profesionais, independentemente da súa provisión por xestión directa ou indirecta mediante colaboración público-privada.

As propostas do Ministerio para o regulamento do fondo de compensación das vítimas do amianto seguen sen ser satisfactorias

Redacción.- Na reunión mantida esta semana co Ministerio de Inclusión Social, Seguridade Social e Migracións o secretario de Estado informou sobre os avances na tramitación do proxecto de regulamento da Lei 21/2022, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto. Indicou que se superaron varios trámites pendentes para a aprobación do regulamento, o que acerca de maneira significativa o seu envío ao Consello de Ministros para a súa ratificación definitiva. Na reunión tamén se informou da incorporación ao texto do borrador dalgunhas das cuestións incluídas nas nosas alegacións que supoñerán unha mellora nos trámites das solicitudes de indemnización que presentarán as persoas afectadas. A valoración que realizamos sobre estas novidades é

positiva.

Con todo, non podemos dicir o mesmo sobre as dúas principais cuestións en discusión: as contías das indemnizacións e a exención fiscal das mesmas. O secretario de Estado lembrou que a entrada en vigor do Fondo supón un impacto nas contas da Seguridade Social e ademais situouno nun contexto en que os Orzamentos Xerais están prorrogados e no que aínda non está garantida a posibilidade da aprobación duns novos orzamentos para o ano 2025. Informounos que a día de hoxe non hai prevista a aprobación dunha exención do IRPF para as indemnizacións do amianto (exención da que si gozan as indemnizacións previstas para outros colectivos) e que no borrador incluíron o au-

mento limitado das indemnizacións (unha soa patoloxía). Por parte de FEDAVICA, UGT e CCOO manifestamos o noso malestar pola ausencia de exención fiscal e por unhas contías que seguen moi afastadas das que están a fixar actualmente os Tribunais, que ademais están exentas do IRPF. Tamén lembramos que a Lei 21/2022 prevé a subrogación do dereito de litigar a favor do Estado, o cal supón unha fonte de ingresos para o Fondo que atenua o seu impacto nas contas públicas.

Finalmente, fixouse un compromiso de repetición da reunión nas próximas semanas para que o Ministerio poida estudar as nosas reclamacións e poidanse valorar os posibles avances nas negociacións dos Orzamentos Xerais do Estado.